

NON DESPERDICIES ESTE NADAL

Coa pandemia asexando a través dunha nova onda, non debemos baixar a garda. **A responsabilidade debe primar en todo momento, e non só en datas de festas e celebracións, senón cada día e en calquera ámbito da vida.**

01 Nadal non é sinónimo de consumismo

O consumismo non nos fará máis felices. O consumo con conciencia será o realmente produtivo e satisfactorio. Non fai falta adquirir alimentos a prezos desorbitados ou comprar agasallos inalcanzables para moitos petos. Hai menús fantásticos e agasallos maravillosos a prezos razoables. O agarimo en ambos os casos é o ingrediente estrela.

02 O comercio local, unha aposta segura

Prioriza o comercio local para adquirir os teus produtos e dá preferencia aos artigos de tempada. **Contribuirás a xerar ingresos para as familias da túa contorna,** tamén a crear emprego no teu municipio e, por suposto, a diminuír as emisións de CO2 procedentes do transporte por estrada a longas distancias. E, por se fora pouco, aforrarás cartos.

03 Decorar con cabeza

Árbores, luces, guirnaldas, adornos múltiples, Non é necesario que malgastes tantos recursos. **Cun pouco de creatividade, podes fabricar os teus propios obxectos de decoración a partir de materiais reciclados.** Tampouco é necesario que teñas acesas as luces todo o día. Por certo, mellor as de LED. Duran máis e consomen menos.

04 Que non sobre (nin que falte)

Os menús concentran gran atención durante estas datas. **Calcula as racións en función do número de comensais.** Non se trata de cociñar cantidades desorbitadas que logo acabarán no cubo do lixo.

05 Sobras en receitas

Se aínda así sobra comida, **poderás reutilizar as sobras para elaborar novas receitas gastronómicas.** As posibilidades son múltiples.

06 Regala emocións e benestar

Un agasallo non ten por que ser necesariamente algo material e tanxible. Hai moitas alternativas e a satisfacción para o que o recibe pode ser mesmo superior ao presente máis caro que te poidas permitir.

07 Cambia o chip: os residuos son recursos

Segue aplicando a regra dos 3 R: reduce os residuos xerados, reutiliza ao máximo os produtos e separa os materiais contidos no lixo para propiciar o seu posterior reciclado.

08 Cada residuo no seu sitio

As cores axúdanche:

- **Contedor amarelo:** envases de plástico, latas e briks.
- **Contedor azul:** papel e cartón
- **Iglú verde:** envases de vidro (botellas, frascos e tarros)
- **Contedor marrón:** materia orgánica
- **Contedor verde xenérico:** fracción resto

09 O tempo é ouro

Goza o momento, recréte nas xuntanzas familiares e cos teus amigos. Iso si, respectando os aforos estipulados polas autoridades en cada momento. Aproveita o tempo e goza. **As cousas máis sinxelas son as que realmente nos fan felices.**

10 Un sorriso para 2022

Máis aló das circunstancias persoais de cada un, **tendamos a man a 2022** co mellor dos nosos sorrisos.